

**CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E
ASTRAZENECA FARMACEUTICA SPAIN, SA PARA A REALIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO
DO CURSO ONLINE “CUIDADOS EN DIABETES” PARA PACIENTES.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade formalizou coa entidade AstraZeneca Farmacéutica Spain, S.A., o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa firma (28 de maio de 2018) ata a conclusión da acción formativa prevista, que terá lugar antes do 31.12.2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

En desenvolvemento do convenio marco asinado o 16 de febreiro de 2015, o obxecto deste convenio específico é levar a cabo unha acción formativa en diabetes, destinada a pacientes, co fin de que adquiran coñecementos e habilidades que poidan utilizar para afrontar o proceso.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como un dos seus obxectivos a prevención e a atención sanitaria. A súa finalidade é impulsar, planificar, coordinar e avaliar as actuacións levadas a termo para mellorar o proceso de atención e, isto, coa implicación de todos os axentes do sistema de saúde e do sistema social, co fin de establecer un marco de actuación integral.

Neste sentido, unha das liñas de actuación consiste no impulso de actividades dirixidas á mellora de aspectos como a educación sanitaria dos/as pacientes e cidadáns/ás e no bo uso dos medicamentos, a súa adherencia aos tratamentos prescritos, a formación científica das persoas

profesionais sanitarias ou a investigación nestas materias, coa finalidade de mellorar a atención e o servizo de saúde aos/ás pacientes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

